



CONCELLERÍA DELEGADA CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal, s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · aspontes@aspontes.org · CIF P1507100D

Ref.:SQM

Extracto da resolución núm. 1718/2026 da Concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica con data do 10 de setembro, pola que se acorda aprobar a convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais para o ano 2026.

Primeiro.- Beneficiarios.

Entidades culturais sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades solicitantes, deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

- Que os seus estatutos teñan obxectivos e finalidades culturais.
- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións de Galicia, ou no Rexistro de Asociacións do Concello das Pontes de García Rodríguez ou no Rexistro de Fundacións de Galicia.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello ou sobre temas de interese para o Concello.

Segundo.- Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ás entidades culturais para o ano 2026. O Concello das Pontes de García Rodríguez quere pola presente convocatoria dar apoio ás entidades culturais e contribuír para que consigan os obxectivos que lle son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo desta maneira para impulsar a democratizar a sociedade.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexerá polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 177 do 16 de setembro do 2026, dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/09/16/2026_0000005937.pdf

Cuarto.- Contía.

Destinaranse un importe de 170.660,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2026.334.48900 e de 16.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2026.334.78000

Quinto.- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos nas Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través de la sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>. Só se poderá presentar unha solicitude por titular (se se presentan máis, só se valorará a primeira).

El prazo será de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLERÍA DELEGADA
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal, s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · aspontes@aspontes.org · CIF P1507100D

Ref.:SQM

Sétimo.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 30 de novembro de 2026, aínda que antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. En calquera caso, a data límite para a xustificación será o 31 de xaneiro de 2027.

Oitavo.-Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

As Pontes de García Rodríguez

A Concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica
Elena López Seco